

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 10, 31-42

Naquel tempo, colleron pedras os xudeus, para apedraren a Xesús. Xesús replicoulles:

– «Moitas boas obras fixen diante de vós de parte do meu Pai. ¿Por cal delas me apedrades?»

Respondéronlle os xudeus:

– «Non te apedramos por ningunha obra boa, senón por blasfemia, pois ti, sendo home, faste Deus.»

Xesús replicoulles:

– «¿Non está escrito na vosa Lei: “Eu dixen: sodes deuses”? Se lles chamou deuses a aqueles sobre os que veu a palabra de Deus -e non pode a Escritura perder a súa forza-, ¿por que me acusades de blasfemia a min, a quen o Pai santificou e mandou ó mundo, por dicir que "Son Fillo de Deus"? Se non fago as obras do meu Pai, seguíde sen crerme. Pero se as fago, aínda que non creades en min, crede nas obras, para que comprendades e recoñezades que o Pai está en min e eu estou no Pai.»

Unha vez máis trataban entón de o prender; pero Xesús liscóuselles das mans. E foi de novo á outra banda do Xordán, ó sitio onde estivera Xoán bautizando ó comezo e permaneceu alí. E acudiron moitos onda el e dicían:

– «Xoán non fixo ningún sinal, mais todo canto Xoán dixo acerca deste, era verdade.»

E moitos comezaron a crer nel alí.